




Rapaciñ@s Dixitais

Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA






Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons
Atribución: Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Contidos

1. Presentación: estratexia e contexto dixital galego	4
2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxías	9
2.1 Uso de dispositivos electrónicos	10
2.2 Uso dos ordenadores	16
2.3 Uso dos smartphones	22
2.4 Uso de Internet	28
3. Tendencias dixitais dos rapaciños e dos moz@s	36
3.1 Actividades realizadas na Internet pol@s rapaciñ@s	37
3.2 Actividades realizadas na Internet pola mocidade	48
4. Moz@s: uso das tecnoloxías na rede	51
4.1 Comercio electrónico	52
4.2 Ciberseguridade	54
4.3 Administración electrónica	56
5. Comparación por idades: rapaciñ@s e adult@s	58
6. Acceso aos equipamentos educativos dixitais	63
6.1 Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s	64
6.2 Equipamentos dixitais nos centros educativos de Galicia	68
6.3 Integración das TIC na práctica educativa	73
7. Conclusións	75
8. Outros estudos relacionados de OSIMGA	78





1. Presentación

1.1 Rapaciñ@s dixitais

O informe de *rapaciñ@s dixitais* é elaborado polo OSIMGA dende 2022. Forma parte da aposta por estender a análise da dixitalización da sociedade galega e comprobar como está a evolucionar desde as idades máis temperás. Analízanse datos da enquisa estrutural a fogares do IGE, nesta edición os do ano 2023. O módulo de preguntas sobre nenos/as de 5 a 15 anos é máis reducido que o dirixido á poboación xeral, pero permite coñecer detalles do uso de internet e diferentes dispositivos dixitais da rapazada galega.

Ningún rapaciñ@ debería quedar atrás no acceso a ferramentas e servizos dixitais que se usan no lecer, a comunicación e cada vez máis a educación, polo que é de interese coñecer o seus hábitos dixitais e tamén os equipamentos á súa disposición. Observaremos neste informe un lixeiro descenso no nivel xeral de dixitalización no 2023, que nos fai pensar en dous fenómenos que aparecen nos últimos dous anos: o fin da excepcionalidade tras a pandemia, que alterou os hábitos e tendencias no consumo de toda a poboación; e unha certa corrente recente de resistencia á substitución das ferramentas tradicionais polas dixitais nas contornas educativas.

A fonte de información é o módulo de novas tecnoloxías da enquisa estrutural aos fogares, que desenvolve anualmente o Instituto Galego de Estatística (IGE), e vai dirixida á poboación máis moza, á de 5 a 15 anos. Para coñecer a dixitalización deste colectivo, a información foi proporcionada polos adultos titores, que facilitan datos sobre os hábitos dixitais das rapazas e rapaces. Nesta edición abránguese, en concreto, a seguinte información:

- Disposición teléfonos móbiles.
- Uso de tablets e ordenadores (sobremesa e portátiles).
- Acceso a internet e frecuencia de uso.
- Servizos e Actividades realizadas na Internet.

Todos estes indicadores poden ser desagregados por xénero, tramos de idade, áreas xeográficas e segundo se residen nunha vivenda en “risco de pobreza”*. Tamén se incorporan no informe indicadores sobre a dixitalización dos fogares nos que viven @s rapaciñ@s, comparándoos co do resto de fogares.

O informe inclúe tamén aos moz@s galegos de 16 a 34 anos, achegando una visión específica deste colectivo e comparalo cos rapaciños e coa poboación maior de 34 anos e menor de 75. Para estas idades, o cuestionario é moito máis amplo que o dos rapaciñ@s e pódese profundar na análise de multitude das actividades que realizan a través de internet.

*Considérase que unha persoa está en risco de pobreza cando o seu ingreso equivalente é inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Os ingresos equivalentes son o resultado de dividir os ingresos do fogar polas unidades de consumo do fogar.

1.2 Estratexia Galicia Dixital 2030

A incesante transformación dixital da sociedade galega materialízase a través de novas formas de traballar, xestionar servizos, relacionarse coa administración, formarse e vivir o tempo de lecer. É unha auténtica revolución, apoiada pola Administración Autonómica Galega mediante diferentes instrumentos vertebrados a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), centrada no novo contexto da transformación dixital, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario para dar lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ningúen atrás”.

Esta estratexia pon así énfase na atención aos diferentes colectivos, áreas xeográficas e perfís que poidan ter máis dificultades na incorporación á dixitalización. Neste contexto é de vital importancia achegar análises máis desagregadas e especializadas sobre o alcance da dixitalización, focalizando nos colectivos máis vulnerables.

A adquisición de competencias dixitais comeza dende idades temperás, e interveñen factores do entorno social e familiar. As fendas dos diferentes usos e accesos á dixitalización nos fogares son compensados en parte a través dos recursos do sistema educativo, que tamén teñen un espazo no último capítulo deste informe. Neste caso as fontes de datos son directamente rexistros da propia Xunta de Galicia ou do Ministerio de Educación.

O uso das tecnoloxías dixitais dos máis novos permítelles optar a acadar un mellor nivel de competencias dixitais no futuro, tendo en conta sempre os usos seguros e recomendables para garantir a súa protección, adaptados ao nivel de madurez e coñecementos dos nen@s en cada etapa vital.

Neste estudo faise unha análise da dixitalización da xente máis moza en Galicia a partir da explotación da enquisa aos fogares de Galicia:

- Usos de dispositivos e internet de nenos/as de 5 a 15 anos.
- Información sobre equipamentos nas vivendas onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, de 3 a 16 anos.
- Comparativas con outros tramos de idade
- Engádense indicadores de fontes externas como o INE, o IGE e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Para dar conta da evolución, preséntanse os resultados, nas variables que presentan continuidade nas diferentes edicións, dos catro últimos anos das enquisas a fogares do IGE.

1.3 Economía e Sociedade Dixital en Galicia


Dinámicas da poboación galega

As características sociodemográficas da Comunidade Galega evolucionan de forma constante.

A poboación galega acada unha media de idade de 48,16 anos fronte aos 44,18 anos de media de España e dos 44,5 anos da UE. Este indicador non deixa de crecer, polo aumento da esperanza de vida e baixa natalidade, que a inmigración non chega a compensar. O saldo migratorio de menores de 16 en Galicia foi de +5.913 en 2023, que non é nin o 2% da poboación desa idade.

Menos do 12% da poboación de Galicia é menor de 15 anos, acadando arredor de 302 mil rapaces e rapazas. A súa concentración en áreas próximas ás principais cidades e nas provincias de A Coruña e Pontevedra é aínda máis acusada que no caso da poboación xeral.

Máis do 75% da poboación reside nas dúas provincias occidentais de Galicia (A Coruña e Pontevedra) e existe máis peso da poboación feminina (as mulleres representan o 51,9% da poboación galega).



Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE 2023. Elaboración Propia



O 80,1% do alumnado galego en centros de réxime xeral non universitaria en Galicia, está matriculado en centros das provincias de A Coruña ou Pontevedra.

O alumnado das especialidades formativas máis tecnolóxicas está historicamente masculinizado. A relación deste comportamento cos niveis de capacitacións e hábitos dixitais por xénero, analízase ao longo deste informe e tamén no estudo “Talento dixital. Estudo da traxectoria profesional do perfís STEM de Galicia. Edición 2023”, elaborado polo OSIMGA.*

Nas carreiras tecnolóxicas (Enxeñarías, Informáticas...), os homes son clara maioría, mentres máis mulleres cursan con maior frecuencia ciencias sociais e humanidades. Na FP obsérvanse tendencias semellantes á universidade.

Por outra banda, as probas PISA de rendemento dos estudantes aos 15 anos indican, no informe 2022, que Galicia lidera a puntuación estatal a nivel de Ciencias e tamén mellora a media estatal e da OCDE en Matemáticas.

Canto á competencia matemática -que é a competencia analizada como principal en 2022-, Galicia obtén 486 puntos, 13 puntos máis que España (473) e 14 máis que a OCDE (472). Só hai tres países cunha mellor evolución que Galicia nesta competencia ao longo da última década.

*<https://www.osimga.gal/gl/informes/talento-dixital-traxectoria-profesional-dos-perfis-stem-de-galicia-edicion-2023>

1.4 A dixitalización dos fogares galegos

Dixitalización dos fogares galegos (ano 2023)



O 92,6% da poboación galega emprega un smartphone. O seu uso é universal nas persoas de 16 a 44 anos mentres que, entre as persoas maiores de 65 anos, sitúase no 70,3%.

No 2023 o número de internautas galegos/as segue en aumento, experimentando un incremento dun 2,5% respecto ao ano anterior, acadando o 91,5%. En termos absolutos, 1.807.980 galegos/as de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que representa un incremento de 70.070 internautas nos últimos catro anos.




As actividades máis habituais dos internautas galegos son usar mensaxería instantánea (98,5%), buscar información sobre bens e servizos (88,6%), recibir ou enviar correos electrónicos (86,6%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade (81,7%), telefonar por internet/videoconferencia (79,6%), ou usar banca electrónica (78,4%).



A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información foi do 85,2%, o que supón un incremento do 7,3% respecto ao ano anterior.

Fogares galegos con internet contratado. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE 2023



O 79,1% dos fogares con persoas de 16 a 74 anos dispoñen de ordenador, polo que 746.489 fogares galegos téñeno en 2023.

Fogares galegos con ordenadores. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2023

Tal e como se recolle no estudo "Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2023", o 94,3% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 anos contan con internet contratado, cun incremento do 1,7% respecto a 2022.

A porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet contratada superior a 100 Mbps experimentou un incremento no período 2020-2023, situándose no 44,8% fronte ao 27,2% que rexistraba no ano 2020.

Fogares con internet contratado. Ano 2023

(% sobre total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2023



2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxías

2.1




Uso de dispositivos electrónicos

2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses


Nenos/as 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Comparativa por idades

(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)



Evolución do indicador: Nenos/as 5 a 15 anos ⁽²⁾

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



O 84,5% dos/as rapaciñ@s de 5 a 15 anos usaron dispositivos electrónicos no último ano (teléfonos móbiles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, tablets e similares). Hai unha baixada significativa respecto do anterior dato.

Por idades, cabe salientar que a práctica totalidade (95,1%) dos rapaciñ@s de 10 a 15 anos empregan dispositivos electrónicos fronte ao 69,6% no caso dos máis pequen@s de 5 a 9 anos.


Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

(1) Uso de teléfonos móbiles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, tablets e similares.

(2) No 2022 aplícase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Non se incluíu este indicador

2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: Nenos/as 5 a 15 anos



Case 9 de cada dez rapaces (86,3%) de 5 a 15 anos utilizaron dispositivos electrónicos en 2023 fronte ao 82,6% das rapazas da mesma idade. As diferenzas de xénero (3,7 puntos porcentuais a prol dos rapaces) concéntrase principalmente nos/as menores de 10 anos (5,4 puntos).


O factor socioeconómico non afecta ao uso de dispositivos dixitais en Galicia por parte dos nenos/as de 5 a 15 anos. Os fogares con menos ingresos están por riba 0,8 puntos porcentuais do uso dos fogares de ingresos superiores.

2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: Nenos/as 5 a 15 anos

Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)




O uso de dispositivos electrónicos é superior nas provincias do interior, liderado pola provincia de Ourense co 90,4%.

No uso de dispositivos electrónicos nas cidades son os rapaces e rapazas de Ferrol os que máis os utilizan (91,1%) por riba dos rapaciñ@s da cidade da Coruña (70,6%). A excepción da Coruña (70,6%), todos os grandes concellos galegos superan o 77% no uso de dispositivos electrónicos por parte dos nenos/as de 5 a 15 anos no 2023.

Os rapaciñ@s que residen en concellos que teñen entre 10.000 e 20.000 habitantes son os que presentan maior uso de dispositivos electrónicos. Sitúanse por riba da media galega (84,5%) en todos os tramos de menos de 20.000.


Nos concellos con maior número de habitantes

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Segundo tamaño do concello de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2023


Fenda por Xénero

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Fenda por Idade

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Fenda por risco pobreza

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Fenda por rural/urbano

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





A baixada no uso de dispositivos do último ano é máis acusada no caso das mulleres, no urbano, e en fogares que non están en risco de pobreza. En realidade, máis que unha baixada, poderíase considerar un retraso na idade de dixitalización de nenos e nenas en contornas moi concretas. Non semella estar relacionada con falta de recursos, senón unha decisión voluntaria de retraso ou maior control da idade de acceso aos dispositivos.

2.1 Uso de dispositivos electrónicos: Rapaciñ@s e moz@s

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: Nenos/as 5 a 15 anos

Segundo área comarcal de residencia



A nivel macrocomarcal, obsérvanse tendencias dispares no uso dos dispositivos electrónicos entre os nenos/as de 5 a 15 anos. Nalgúns casos as diferencias son de máis de 30 puntos porcentuais entre unhas áreas comarcais e outras.

Destacan as áreas comarcais de Pontevedra Nororiental, O Carballiño – O Ribeiro, Lugo Sur ou Ourense Central, onde o uso de dispositivos electrónicos supera o 90% e nalgún caso acada o 100%.

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)
(1) Uso de teléfonos móbiles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, tablets e similares.

2.2

Uso dos ordenadores





2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos

Nenos/as 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




O uso de ordenadores nos últimos tres meses entre @s rapaciñ@s acada o 57,5% en 2023, e case todos utilízano para conectarse a internet. Baixa respecto a 2021, igual que acontecía cos dispositivos dixitais portátiles.

A utilización dos ordenadores para acceder á rede está máis estendido nos rapaces e rapazas de 10 a 15, en que xa chega ao 74,3%, por só un 29,5% cando son menores de 10.


Comparativa por idades

(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)



Evolución do indicador: Nenos/as 5 a 15 anos ⁽¹⁾

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

(1) No 2022 aplicase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Os indicadores incluídos non conteñen o que se presenta nesta gráfica

2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos



O uso de ordenadores xa está moi estendido entre rapaciñ@s de 10 a 15 anos e sitúase por riba do 75%. Por xénero, non hai diferenzas significativas dos 10 aos 15 anos, pero o acceso de ordenadores dos menores de 10 anos é superior no caso dos rapaces respecto das rapazas. Por tanto estase a permitir aos rapaces incorporarse antes ás tecnoloxías que ás rapazas.


Ao contrario dos dispositivos portátiles, o uso de ordenadores está condicionado polo nivel socioeconómico dos menores. Cando residen en fogares en risco de pobreza están 3 puntos porcentuais por detrás dos fogares que non se atopan en risco de pobreza.

2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos


Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Nos concellos con maior número de habitantes

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




A provincia de Pontevedra lidera o uso de ordenadores d@s rapaciñ@s. Todas as demais provincias acadan valores moi próximos a esa provincia, con máis do 50% de usuari@s en 2023.

Os concellos con maior número de habitantes seguen tendencias paralelas ás das provincias. Superan o 59% en Vigo, Pontevedra, Ourense e Santiago de Compostela.

O tamaño do concello presenta tendencias dispares no uso de ordenadores. A porcentaxe máis elevada de uso en 2023 é nos municipios que teñen entre 10.000 e 20.000 habitantes, igual que acontecía co uso de dispositivos en xeral.

Segundo tamaño do concello de residencia


(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Usou de ordenadores ⁽¹⁾ nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2023


Fenda por Xénero





Fenda por Idade



Fenda por risco pobreza



Fenda por rural/urbano



O uso de ordenadores por parte dos menores de 10 anos foi restrinxido de forma significativa, con 10 puntos porcentuais de baixada nos últimos dous anos.


Aínda que o uso de ordenadores baixa en todos os ámbitos, nótase en fogares en risco de pobreza e no rural, que practicamente se iguala en 2023 co urbano.

2.2 Uso dos ordenadores: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do ordenador nos últimos tres meses. Nen@s de 5 a 15 anos

Segundo área comarcal de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Os datos máis destacados no nivel de uso dos ordenadores para conectarse a internet no 2023 están moi repartidos, acadando ou superando o 55% son:

- Áreas da provincia de Pontevedra: Vigo, Pontevedra, Pontevedra Sur e Pontevedra nororiental.
- Áreas da provincia da Coruña: área de Santiago e Ferrol-Eume-Ortegal
- Áreas de Ourense: Ourense Central e área da cidade de Ourense.
- Áreas de Lugo: A Mariña, Lugo central e Lugo Sur

2.3


Uso do smartphone




2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Nenos/as 5 a 15 anos


(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Evolución do indicador: Nenos/as 5 a 15 anos ⁽¹⁾

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



No último ano, o 55,9% de nenos/as de 5 a 15 anos utilizaron smartphone, a maior parte deles (52,4%) para conectarse a internet, cun crecemento do 9,4% dende 2019.

A análise detallada por idades indica que o uso do smartphone dos rapaciñ@s de 10 a 15 anos acada o 74% e redúcese ao 30,6% no caso dos nenos/as de 5 a 9 anos.





A diferenza do uso doutros dispositivos, o smartphone mantense estable.

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s



As rapazas de 10 a 15 anos son as que máis utilizan o teléfono móbil

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Rapaciños






A nivel de xénero, ao contrario doutros dispositivos, no uso de smartphones levan unha lixeira vantaxe as rapazas, tanto nas de menos de 10 anos como as de 10 a 15 anos.

O uso de smartphone de rapaciñ@s en fogares en risco de pobreza é máis alto (59%) que nos fogares que non están nesta situación (55%).

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Rapaciños



A análise do uso smartphone segundo provincias destaca un maior uso en Lugo con máis do 58% en 2023.

Os resultados nos concellos con maior número de habitantes son dispares, o nivel de uso de smartphone de rapaciñ@s non son maiores en xeral que nos concellos non urbanos. Destaca sobre todo a cidade Ferrol, con 65,3% de uso, mentres que A Coruña e Ourense, non acadan o 50%.


As tendencias por tamaños de poboación, amosan novamente o avance da dixitalización nos concellos de 10 a 20.000 habitantes, pero no resto de hábitats non se observa unha tendencia clara segundo tamaño de municipios.

2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso do smartphone ⁽¹⁾ nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2023


Fenda por Xénero

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Fenda por Idade

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Fenda por risco pobreza

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Fenda por rural/urbano

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Igual que noutros indicadores de uso de dispositivos, obsérvase un descenso dende 2021. É máis acusado nos fogares en risco de pobreza (7,7), dos 10 a 15 anos (5,2 puntos) e o rural (4,7).


2.3 Uso do smartphone: rapaciñ@s e moz@s

Uso de smartphone nos últimos tres meses : Rapaciños

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



■ Si, para conectarse a internet ■ Si, pero non para conectarse a internet ■ Non



Os niveis macrocomarcais presentan situacións dispares no nivel de uso de smartphones por rapaciñ@s nos últimos tres meses, con diferenzas de ata 30 puntos porcentuais dunhas áreas a outras.

No uso do smartphone para conectarse a internet destacan as comarcas O Carballiño-O Ribeiro, Ferrol-Eume-Ortegal, A Mariña, O Morrazo e a Área de Santiago que superan o 60%.

En 9 das áreas non se acada o 50%.

2.4




Uso de Internet


2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos


(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




O 82,8% de rapaciñ@s de 5 a 15 anos conectáronse algunha vez a internet e o 81,5% fíxoo nos tres últimos meses.

Por idades, máis do 90% dos nenos/as de 10 a 15 anos empregan internet mentres que no caso dos rapaces/as máis novos, de 5 a 9 anos, a porcentaxe de uso de internet sitúase no 65%.

2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos



O uso de internet nos últimos 3 meses é lixeiramente maior entre os rapaces, con 3,4 puntos porcentuais de vantaxe respecto das rapazas.


Os nenos entre os 5 e 9 anos incorpóranse antes á rede ca as nenas. Estes avantaxan ás nenas en 5 puntos porcentuais no uso de internet pero nos de 10 aos 15 anos, a diferenza xa case desaparece.

Nos últimos 3 meses, os nen@s en fogares en risco de pobreza están case 1 punto por detrás do resto no uso de internet.


2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos


Segundo provincia de residencia



Nos concellos con maior número de habitantes



Segundo tamaño do concello de residencia



Novamente, no 2023 Pontevedra lidera a dixitalización da xente máis nova, dado que o 85,7% de rapaciñ@s de 5 a 15 navegaron por internet nos últimos tres meses.

Entre os concellos galegos con maior número de habitantes, Ferrol, Ourense, Pontevedra, e Vigo superan o 84% de rapaciñ@s que se conectaron a internet nos últimos tres meses.


Ao igual que ocurría nos anteriores indicadores, son os rapaciñ@s dos concellos que teñen menos de 10.000 mil os máis dixitalizados.

2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses
evolución e comparación por variables sociodemográficas 2021-2023


Fenda por Xénero

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Fenda por Idade

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Fenda por risco pobreza

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



Fenda por rural/urbano

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




Baixa en xeral o uso de internet d@s rapaciños. Faino máis intensamente entre as rapazas, dos 5 aos 9 anos, nos fogares que non están en risco de pobreza e no urbano.

2.4 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos
Segundo área comarcal de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Dos rapaciñ@s que navegaron máis por Internet nos últimos tres meses, con máis do 90% de uso, catro zonas:

- O Carballiño-O Ribeiro (100%)
- Pontevedra Nororiental (100%)
- Lugo Sur (93,5%)
- Pontevedra Sur (91,2%)

2.4 Uso de internet: fogares con rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses



(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



No 2023, mantense o crecemento do uso de internet por parte de **adultos que conviven con nenos** en idade escolar e superan en 7,7 puntos porcentuais aos adultos que non conviven con rapaciñ@s.

2.4 Uso de internet: evolución e comparación por tramos de idade

Uso internet nos últimos tres meses: evolución



O uso de internet no últimos tres meses acada o máximo valor entre os 16 e 34 anos. @s rapaciñ@s son superados en 2023 no nivel de uso de internet polo rango de 35 a 74 anos.



3. Tendencias Dixitais dos rapaciñ@s e dos moz@s


3.1



Actividades realizadas na Internet por rapaciñ@s

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s




No 2023, d@s rapaciñ@s que acceden a internet, case 8 de cada 10 acceden para realizar actividades dedicadas ao entretemento tales como xogar ou descargar xogos (78,3%) ou escoitar ou descargar música (75,4%).

Esas son as principais preferencias entre nosos rapaciñ@s, seguidas das actividades de comunicación e ocio como ver series, películas ou programas baixo demanda (67,2%) ou usar mensaxeira instantánea (56,7%).

3.1 Actividades realizadas na Internet: moz@s

Servizos de Internet utilizados pola mocidade

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)





Ao subir o rango de idade, dos 16 aos 34 anos, igual que ven ocorrendo nas edicións pasadas deste estudo, o uso da mensaxería instantánea é case universal entre os moz@s. Sen dúbida nestas idades, os servizos relacionados coas habilidades de comunicación e información son fundamentais.

Máis do 55% dos moz@s utilizan todos os servizos de internet polos que foron consultados, o que ven a corroborar o avanzado grao de dixitalización desta xeración.



3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s




No rango dos 10 aos 15 anos, aumenta con forza a presenza de todas as actividades analizadas sobre os de 5 a 9, a excepción dos xogos en liña e ver series, películas ou programas baixo demanda. Nestes casos, a diferenza é menor.

A actividade con máis diferenzas en función do xénero é xogar ou descargar xogos, xa que acada entre as nenas o 70,4% e 85,4% entre os rapaces. Na mensaxería instantánea son as rapazas as que superan en máis de 4 puntos aos rapaces.

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s Comparativa por idades

(% sobre total de persoas de 5 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



O uso dos servizos de Internet acada os seus máximos entre a mocidade galega de 16 a 34 anos ao igual que ocurría nas pasadas edicións deste estudo. Así a poboación de internauta de 16 a 34 anos destaca na utilización de tódolos servizos ofertados na rede coa excepción dos xogos en liña, onde os rapaciñ@s son líderes.




As diferenzas máis notables entre moz@s e rapaciñ@s encóntranse nas actividades relacionadas coa información e comunicación (usar mensaxería instantánea, buscar información, recibir o enviar correos electrónicos, ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña, ou participar nas redes sociais).

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet polos rapaciñ@s e moz@s


Rapaciñ@s

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Moz@s

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




O 92,6% dos nenos e nenas de 5 a 15 anos en Galicia que usaron internet, utilizan portais ou sitios web educativos para comunicarse cos profesores, que baixa entre os moz@s de 16 a 34 anos, e o fan nun 44,5%.




3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet pol@s rapaciñ@s



Atendendo aos rangos de idade, a realización de actividades de aprendizaxe é maior entre os 5 e 9 anos, pero no uso dos portais educativos para comunicarse son máis activos a partir dos 10 anos.


As diferenzas entre rapaces e rapazas son ínfimas.



3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades de aprendizaxe realizadas na internet polos rapaciñ@s Comparativa por idades

(% sobre total de persoas de 5 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




As actividades de aprendizaxe desenvolvidas en internet difiren por rangos de idade. Os nenos e nenas de 5 a 15 e os moz@s son os que máis fan cursos en liña. As actividades relacionadas coa aprendizaxe en liña coma a consulta de material ou a comunicación co profesorado é máis común entre os rapaciñ@s de 10 a 15. A frecuencia de todas estas actividades baixa entre os adultos.

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades realizadas na Internet polos rapaciñ@s e moz@s


Rapaciñ@s

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Moz@s

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




O 31,1% dos nenos e nenas de 5 a 15 anos en Galicia copian ou moven ficheiros entre carpetas ou dispositivos, aínda moi por detrás dos moz@s de 16 a 34 anos que o fan nun 75,7%.

O factor da idade inflúe nesta variable, que reflexa as habilidades dixitais que se van adquirindo a medida que se van necesitando para o traballo en liña.




3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades realizadas na Internet pol@s rapaciñ@s




Atendendo aos rangos de idade, a realización deste tipo de actividades que xa requiren unha maior destreza dixital é maior entre os 10 e 15 anos, mentres que as diferenzas entre rapaces e rapazas son pequenas, estando as rapazas un pouco por riba dos rapaces nestas actividades xa un pouco máis complexas.



3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades realizadas na internet polos rapaciñ@s
Comparativa por idades

(% sobre total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Os moz@s de 16 a 34 anos amosan maiores competencias e habilidades dixitais. O 75,7% dos moz@s galegos copian ou moven ficheiros entre carpetas ou dispositivos fronte ao 44,2% dos nen@s de 10 a 15 anos.

3.2



Actividades realizadas na Internet pola mocidade

3.2 Actividades realizadas na Internet:

Actividades realizadas por Internet nos últimos 3 meses pola mocidade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)

Actividdes de aprendizaxe			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Comunicarse con profesores ou alumnos utilizando portais ou sitios web educativos	44,5%	28,2	16,3%
Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña) ou utilizar material de apredizaxe en liña	35,0%	22,4	12,6%
Actividades relacionadas coa saúde			
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	62,3%	-6,1	68,4%
Buscar información sobre temas de saúde, acceder a arquivos persoais de saúde ou acceder a outros servizos de saúde a través dunha páxina web ou dunha app de móbil en lugar de ter que ir ao hospital ou visitar un médico	47,0%	-5,2	52,2%
Actividades realizadas na Internet			
Vender bens ou servizos (transacción ou trato realizado en liña)	13,5%	5	8,5%
Banca electrónica	77,4%	-1,3	78,7%
Buscar emprego	20,2%	10,5	9,7%
Copiar ou mover ficheiros entre carpetas ou dispositivos	76,0%	27,9	48,1%
Copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube	69,9%	31,6	38,3%



A excepción das actividades relacionadas coa saúde ou o emprego da banca electrónica, onde os maiores de 35 anos os superan, os moz@s internautas son máis activos na rede, observando as maiores diferencias en actividades tales coma “copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube”, onde @s moz@s superan en máis 30 puntos porcentuais á poboación xeral.

3.2 Actividades realizadas na Internet: mocidade

Actividades realizadas por Internet nos últimos 3 meses pola mocidade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)

Actividades relacionadas con m3biles e ordenadores			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Transferir ficheiros entre o ordenador e outros dispositivos	69,6%	27,6	42,0%
Instalar software ou aplicaci3n	75,1%	27,5	47,6%
Cambiar a configuraci3n de calquera software, incluídos o sistema operativo e os programas de seguridade	35,3%	16,1	19,2%
Actividades relacionadas con la inform3tica			
Copiar ou mover ficheiros ou carpetas	75,5%	31,5	44,0%
Usar un procesador de texto	69,9%	30,7	39,2%
Crear presentaci3n	55,7%	30,3	25,4%
Usar software para editar fotos, v3deo ou arquivos de audio	54,0%	27	27,0%
Programar nunha linguaxe de programaci3n	12,6%	7,2	5,4%
Usar follas de c3lculo	41,7%	15,1	26,6%



Nas actividades relacionadas coa inform3tica e o uso de m3biles e ordenadores, as diferenzas xeracionais soen ser a3nda maiores que no uso de internet. Os moz@s superan en m3is de 27 puntos aos adultos na instalaci3n de software, mover ficheiros, usar procesadores de textos e en crear documentos que integren textos e imaxes e editar fotos, v3deos e audio.

Ao menos o dobre de moz@s que adultos programan nunha linguaxe de programaci3n, editan fotos, v3deos e audio ou crean presentaci3n que integren textos e imaxes.



4. Moz@s: uso das tecnoloxías na rede

4.1


Comercio Electrónico



4.1 Comercio electrónico: mocidade

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



O 85,8% dos moz@s galegos de 16 a 34 anos compraron bens ou servizos a través de Internet durante o 2023, 21,3 puntos porcentuais máis que os maiores, os de 35 a 74 anos.



4.2




Ciberseguridad

4.2 Ciberseguridade: mocidade

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



O 15,3% dos mozos e mozas internautas de 16 a 34 anos tiveron algún tipo de incidente relacionado coa ciberseguridade durante o 2023.

Entre os adultos de 35 a 74 anos, sufriuse incidentes de seguridade nun 14,1% dos casos. A diferenza é de 1,2 puntos porcentuais.

4.3



Administración electrónica

4.3 Administración electrónica: mocidade

Trámites coa administración segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizo Internet nos últimos 12 meses)

Trámites coa Administración			
Trámites coa Administración	Mozos/as (16-34 anos)	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores (35-74 anos)
Obter información da páxina web	97,1%	16,1	81,0%
Descargar formularios oficiais	91,2%	13	78,2%
Enviar formularios cubertos	89,2%	11,4	77,8%
Descargar documentos xerados	71,3%	20,9	50,4%




Os internautas galegos de entre 16 e 34 anos adoitan relacionarse con maior frecuencia coas Administración Públicas a través de ferramentas da e-Administración, rexistrando vantaxes nos principais servizos superiores aos 10 puntos porcentuais respecto das persoas maiores de 34 anos.



5. Comparación por edades: rapaciñ@s e adult@s

5.1 Comparación por idades: uso de dispositivos electrónicos

Uso de dispositivos electrónicos ⁽¹⁾: comparación por idades




Os/as rapaciñ@s incorpóranse plenamente ao uso dos dispositivos electrónicos a partir dos 10 anos, cun nivel de uso practicamente universal (95,1%).

A partir dos 10 anos, todos os tramos mantéñense en valores moi altos no uso de dispositivos dixitais, superiores ao 95%, ata os 55 anos.

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)
(1) Uso de teléfonos móbiles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, tablets e similares.

5.2 Comparación por idades: uso do ordenador

Usou do ordenador ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: comparación por idades





O nivel medio de usuari@s de ordenadores entre rapaciños e poboación xeral supera o 55%, acadando o seu punto máis elevado entre os 16 e 24 anos, onde o 90,9% dos mozos utilizaron o ordenador nos últimos tres meses.

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)
(1) O uso do ordenador contempla tanto os que o usan para conectarse a internet coma os que non

5.3 Comparación por idades: uso do smartphone

Usou do smartphone ⁽¹⁾ nos últimos tres meses: comparación por idades





A poboación xeral supera o 92% no uso de smartphone, acadando o seu punto máis elevado entre os 16 e 24 anos, onde o 99,7% dos mozos utilizaron o teléfono móbil nos últimos tres meses, xa sexa para conectarse a internet (na maioría dos casos) como para o seu uso sen conectividade á rede.

Case 6 de cada 10 nenos entre 5-15 anos usaron o smartphone no 2023, sendo entre os rapaciñ@s de 10 a 15 anos onde o seu uso é máis estendido.

5.4 Comparación por idades: uso de internet

Usou internet nos últimos 3 meses: comparación por idades




A porcentaxe de rapaciñ@s que utilizou internet nos últimos tres meses é 10 puntos porcentuais inferior que os adultos no ano 2023.

A porcentaxe de usuarios/as é elevado, por riba do 93%, dende os 10 anos ata os 54 anos.



6. Acesso aos equipamentos educativos digitais

6.1



Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s


6.1 Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s



O 94,8% dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar contan con ordenadores, superando en 20,4 puntos porcentuais aos fogares sen rapaciñ@s

Fogares con ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria continúa a ser un factor que incide nunha maior presenza de equipamentos e dixitalización dos fogares.

Nos fogares onde residen nenos/as en idade escolar, a presenza de ordenadores supera á media do resto de fogares en 20,4 puntos porcentuais.

6.1 Fogares dixitalizados

Equipamentos TIC dos fogares

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo na dixitalización, non só na dispoñibilidade de ordenadores no fogar, senón tamén en todo tipo de equipamento TIC.

A maior diferenza, de 30,3 puntos porcentuais, está na presenza de tablets, netbooks e outros dispositivos portátiles diferentes aos ordenadores e smartphones (65,3% e 35%). Tamén a consola de xogos con capacidade de acceso a Internet, ten una presenza moi superior nos fogares con rapaciñ@s (43,5% os fogares con rapaciñ@s e 15,6% os que non). Igualmente, hai máis de 20 puntos de diferenza na dispoñibilidade de ordenadores portátiles e de smart TV no fogar.


6.1 Fogares con internet



Nos fogares con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos), a porcentaxe de contratación de Internet acada o 99,8%, superando a media autonómica en 5,5 puntos porcentuais.

Fogares con conexión a internet

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A contratación de Internet está relacionada coa convivencia de nenos/as en idade escolar.

O acceso a Internet contratado esténdese a case totalidade dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, acadando o 99,8% e superando en 7,1 puntos aos fogares onde non residen estes menores.


6.2

Equipamentos dixitais nos centros educativos de Galicia



6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia

Centros educativos con conexión a internet e velocidade superior a 100 Mbps




A conexión a internet xa é universal nos centros educativos, pero a velocidade de conexión presenta algúns contrastes por comunidades autónomas.

Galicia ocupa 5º lugar en porcentaxe de centros educativos con velocidade de conexión superior a 100 Mbps. Supera á media do estado en 22,3 puntos porcentuais.

6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia


Ratio de alumnos por ordenador nos centros educativos



No curso 2022-2023, Galicia situouse no sexto posto a nivel estatal na ratio de alumnos por ordenador nos centros educativos ao dispoñer dun ordenador por cada 2 alumnos, só superada por Navarra, País Vasco, Extremadura, Cantabria e Cataluña. A media estatal sitúanse en 2,6 alumnos por ordenador.

6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia

Porcentaxe de aulas con Sistemas Dixitais Interactivos (SDI)




Os sistemas dixitais interactivos significan que as aulas están dotadas dunha serie de elementos dixitais integrados con conexión á rede e operables a través dun ordenador ou dispositivo dixital: pizarras virtuais, sistemas de son, monitores de televisión, etc.

Galicia supera á media estatal de aulas dotadas de SDI en 7,6 puntos porcentuais, acadando o 69,6% e ocupando así o 4º posto.

6.2 Equipamento dixital nos centros educativos de Galicia

Porcentaxe de centros con Entornos Virtuais de Aprendizaxe



O Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) é un espazo educativo aloxado na web, un conxunto de ferramentas informáticas que posibilitan a interacción didáctica de xeito que o alumno poida desenvolver labores propias da docencia como realizar preguntas, exercicios, ler documentos, etc..

Galicia ocupa o 2º lugar en porcentaxe de centros con EVA, mellorando a media estatal en 17,3 puntos porcentuais.

6.3

Integración das TIC na práctica educativa



6.3 Integración das TIC na práctica Educativa. Proxecto Abalar-Edixgal

INTEGRACIÓN DAS TIC NA PRÁCTICA EDUCATIVA

Proxecto ABALAR - EDIXGAL

Centros participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2021/22

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso Ed. Primaria	Centros públicos	383	138	61	36	148
	Centros privados concertados	35	17	1	1	16
1º e 2º curso ESO	Centros públicos	164	60	33	10	61
	Centros privados concertados	33	16	1	2	14
Total centros ABALAR-EDIXGAL	Centros públicos	509	178	88	43	200
	Centros privados concertados	37	17	1	2	17

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Nota: o total de centros é 546 e non coincide ca suma de primaria e de ESO porque hai centros que participan en ambos niveis educativos.

Aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2021/22

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso Ed. Primaria	Centros públicos	1.236	503	166	98	469
	Centros privados concertados	94	42	4	4	44
1º e 2º curso ESO	Centros públicos	819	286	131	46	356
	Centros privados concertados	91	33	4	8	46

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Alumnado en aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2021/22

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso Ed. Primaria	Centros públicos	21.628	9.586	2.517	1.541	7.984
	Centros privados concertados	2.143	997	85	63	998
1º e 2º curso ESO	Centros públicos	17.873	6.275	2.459	930	8.209
	Centros privados concertados	2.226	891	95	179	1.061

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.



INTEGRACIÓN DAS TIC NA PRÁCTICA EDUCATIVA

Proxecto ABALAR - EDIXGAL

Centros participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2022/23.

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Centros públicos	562	200	97	51	214
Centros privados concertados	38	17	1	2	18

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2022/23. ESTIMADO

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso ed. primaria	Centros públicos	1.270	523	174	106	467
	Centros privados concertados	93	40	4	4	45
1º a 4º curso ESO	Centros públicos	1.505	524	260	66	655
	Centros privados concertados	150	53	7	15	75

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Alumnado en aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2022/23. ESTIMADO

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso ed. primaria	Centros públicos	22.215	9.959	2.638	1.674	7.944
	Centros privados concertados	2.113	947	90	59	1.017
1º a 4º curso ESO	Centros públicos	32.819	11.497	4.889	1.339	15.094
	Centros privados concertados	3.655	1.422	171	340	1.722

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.



O alumnado en aulas participantes no proxecto ABALAR-EDIXGAL pasou de 43.870 en 2021-22 a superar os 60.000 en 2022-23.



7. Conclusiones

7. Conclusións: rapaciñ@s



O nivel de dixitalización dos rapaciñ@s galegos de 5 a 15 anos en 2023 é moi alto, pero reduciuse lixeiramente o uso de dispositivos e acceso a internet entre 2021 e 2023.

En todos os indicadores de dixitalización, as diferenzas de xénero d@s rapaciñ@s son mínimas ou nulas pero os rapaces tenden a dispoñer antes de acceso a algún dispositivo (dos 5 aos 9 anos), pero iguálase dos 10 aos 15.

O 57,5% dos rapaciñ@s usou ordenadores nos últimos tres meses e case todos/as utilizárono para conectarse a internet.

O smartphone foi utilizado polo 55,9% de rapaces de 5 a 15 anos e xa supera o 71% entre os rapaces de 10 a 15 anos.

Máis do 82% de rapaciñ@s accederon algunha vez a internet e o 81,5% fíxoo nos tres últimos meses. Este indicador acada o 93,4% entre os nenos/as de 10 a 15 anos.

No 2023, case 8 de cada dez nenos de 5 a 15 anos acceden principalmente a internet para realizar actividades relacionadas co entretemento, tales como xogar ou descargar xogos (78,3%) ou escoitar ou descargar música (75,4%).

Galicia está entre as comunidades cos fogares e centros educativos mellor equipados para a educación dixital.

No curso 2022-2023, Galicia situouse no 2º posto a nivel estatal na ratio de en porcentaxe de centros con EVA, mellorando a media estatal en 17,3 puntos porcentuais.

Os fogares con rapaciñ@s están moito máis equipados ca o resto, chegando a avantaxalos en máis de 20 puntos na presenza de ordenadores portátiles, tablets, vídeo consolas e smart tv.



7. Conclusións: mocidade




O 85,8% da mocidade realiza compras por internet, co que supera en máis de 21 puntos á poboación de 35 a 74.

A excepción das actividades relacionadas coa saúde ou o emprego da banca electrónica, onde os maiores de 35 anos os superan, os moz@s internautas son máis activos na rede, coas maiores diferencias en actividades tales coma, "copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube", onde @s moz@s superan en máis 31 puntos porcentuais á poboación xeral.

Os internautas galegos de 16 a 34 anos superan en máis de 10 puntos porcentuais o uso da administración electrónica respecto dos demais rangos de idade.

A porcentaxe de moz@s que sufriron incidentes de ciberseguridade (15,3%) supera aos maiores de 35 anos en 1,2 puntos porcentuais.





8. Outros estudos OSIMGA de referencia


8. Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe, de periodicidade anual, avalía a evolución da dixitalización na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na “Enquisa Estructural a fogares” do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.



O estudo das Competencias dixitais da poboación galegas permite medir as habilidades relacionadas coa información, comunicación, resolución de problemas e software. Mide o estado actual e as necesidades para o establecemento do marco común do novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.



Este estudo permitiu identificar os perfís dixitais presentes no tecido empresarial galego e detectar a demanda de novas especializacións, poñendo a atención no ámbito das tecnoloxías disruptivas. Analiza as tendencias educativas prestando especial atención nas relacionadas coa dixitalización. Presta especial atención ao papel que desenvolven no mercado laboral as persoas con titulacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Matemáticas e Enxeñarías).



Este informe anual serve para analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia. Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo. Baséase na enquisa estrutural a fogares do IGE, e a “Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares” (INE).



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA